

## ACTA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020-2021

### COMPOSICIÓN DA MESA

Don. RAFAEL OJEA PEREZ, Técnico Responsable de Educación de Adultos  
Don XOSÉ FEIXÓ CID, Xefe de Estudos da EMAO, que actuará como Secretario  
Don FCO. TORRES RODRÍGUEZ, Auxiliar Administrativo da EMAO

Ás once horas e catro minutos do día 18 de setembro do ano dous mil vinte, na Hemeroteca da Escola, realizouse o sorteo público para os cursos da Escola Municipal de Artes e Oficios, de conformidade coa información publicada na páxina web da EMAO e no taboleiro de anuncios.

O Técnico Responsable de Educación de Adultos explica os motivos que levaron á repetición do sorteo celebrado o 14 de setembro por fallo crítico no aplicativo informático

Don Victor León Barciela, informático da empresa Alen Multimedia, S.L explica o funcionamento da función mt\_rand() implementada na linguaxe de programación PHP. Esta función utiliza o algoritmo Merseme Twister, un xerador de números desenvolvido en 1997 por Makoto Matsumoto y Takuj Nshimura, para a obtención de cada número dos sorteos.

Asiste como público ao Sorteo, tras solicitar cita previa, dona M<sup>a</sup> Isabel Diz González e dona M<sup>a</sup> del Pilar Meira Vázquez.

Seguidamente actívase o sorteo virtual que pode contemplarse en tempo real na pantalla disposta para a súa visión pública.

Como resultado xenéranse os listados de seleccionados e listas de agarda para as especialidades de sorteo do curso 2020-2021 : Artesanía en Coiro, CAIM Gaita, CAIM Zanfona, Debuxo Artístico, Deseño e Encaixe de Palillos, Encadernación, Moda e Confección, Ourivaría, Pintura, Serigrafía Artística.

Impresos os listados esta acta é asinada na miña presenza polos compoñentes da Mesa indicados no encabezamento que se deben considerar como incluídos na presente acta.

O Técnico Responsable de Educación de Adultos  
Rafael Ojea Pérez

O auxiliar administrativo  
Francisco Torres Rodríguez

O Secretario do Sorteo  
O Xefe de Estudos

Xosé Feixó Cid